

# PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA 2020/2021

## INDÍCE

### ANEXO 0: Instrucións 30 de xullo 2020

#### 0-Introdución

1. Contexto
2. Metodoloxía
3. Contribución da área de EF ao logro das competencias básicas
4. Recursos materiais e utilización de espazos e tempos
5. Medidas de atención a diversidade:
  - 5.1-Programa de reforzo alumndo con ANEAE
6. Actividades complementarias e extraescolares
7. Tratamento do fomento á lectura
8. Tratamento do fomento das TICS
9. Accións de contribución ao Plan de Convivencia
- 10.Contribución ao plan de igualdade
- 11.Accións de contribución ao proxecto lingüístico
- 12.Educación en valores
- 13.CONCRECIÓN CURRICULAR
  - 13-1-Obxectivos de primaria
  - 13.2 Contidos e relación coas compentencias clave
  - 13.3-Relación estándares e competencias
  - 134-Mínimos esixibles
  - 13.5- Avaliación:Estándares de aprendizaxe e graos de consecución

#### 14.Avaliación

- 14.1 Introdución
  - 14.2 Criterios de cualificación
  - 14.3 Avaliación programación
- #### 14.Temporalización

**ANEXO 0: Instrucións 30 de xullo 2020****Instrucións 30 de xullo 2020**

**Principios xerais atendendo ás instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa .**

Para a aplicación das instrucións do 30 de xullo, elaboro o seguinte anexo á programación anual e paso a explicar os seguintes apartados.

1º-Terase en conta o PLAN DE ACOLLIDA elaborado polo ED onde se informará dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Ditas actuacións levaranse da seguinte maneira

| Actuacións     | Temporalización  | Metodoloxía   |
|----------------|--|---|
| Actuacións a-b | Dende o primeiro momento e anticipadamente coas reunións informativas ás familias.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vivenciada, experimentada e recordada con continuidade. Modificada según reaxustes.</li> </ul>   |
| Actuación c    | Emprego dos cursos de formación para profesorado<br>Preparación de Edixgal da titoría<br>Formación aulas virtuais<br>No momento que as aulas virtuais esten en funcionamento práctica co alumnado (1 a 4º en Ef) | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación activa nos cursos de formación.</li> <li>• Traballo conxunto coa coordinadora Edixgal do centro.</li> <li>• O desenvolvemento deste apartado verase bastante reducido or non dispoñer de aula de informática no centro, os ordenadores da biblioteca están eliminados neste momento e os ordenadores das clase son moi escasos.</li> </ul> |
| Actuación d    | Dende o principio de curso e de xeito continuado, alternado diversas momentos educativos: ,recreo, sesións curriculares,...  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Incitarase de xeito natural o debate, as reflexións, os momentos de sinceridade, a empatía, a resiliencia...Empregarase os tempos que se precisen e nos momentos onde se visualice o mellor clima de confianza</li> </ul>  |

## 2º AVALIACIÓN INICIAL

- a) Analise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Atendendo a estas directrices fago referencia do seguinte xeito

### **Avaliación Inicial:**

- Os grupos manteñen unha competencia motriz axeitada a cada idade.
- Algún grupo de alumnado amosa dificultades motrices, de coordinación, de habilidades... que xa manifestaban no curso anterior, pero que non teñen un carácter preocupante,

### **Aprendizaxes imprescindibles adquiridas-AIA**

Partindo de que no primeiro e segundo trimestre tivemos unha situación normal a programación didáctica 19/20 estíbese levando a cabo sen grandes atrancos. A situación do 3º trimestre variou drásticamente polo que se fixeron as adaptacións oportunas e visible na páxina web do centro.

Partindo do fundamento metodolóxico que guía a miña práctica docente:

A educación física non é unha simple aprendizaxe de movementos senón un camiño cara a educación total que utiliza o movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: coñecemento dun mesmo, organización perceptiva, anatómico funcional, estético comunicativa, de relación coas demais persoas, agonística, hedonista, hixiénica e de compensación...

Moitos dos contidos da EF danse de forma globalizada polo que tan só vou **marcar de xeito orientativo** como non acadado aqueles **contidos** que no 3º trimestre desenvólvense de xeito máis concreto.

| CURSOS | APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES ADQUIRIDAS                                    |
|--------|--|
| 1º     | Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2º trimestre |
| 2º     | Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2ºtrimestre  |
| 3º     | Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2ºtrimestre  |
| 4º     | Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2ºtrimestre  |
| 5º/6º  | Referencio á Programación do curso19/20 temporalizada no 1º e 2ºtrimestre  |

**Aprendizaxes imprescindibles *non adquiridas* AINA a causa dos atrasos producidos no terceiro trimestre do curso 2019/2020 e que deberán ser obxecto de tratamento no curso 2020/2021.**

Basándome, polo tanto nas premisas anteriormente citadas, referir que os bloques que se viron máis perxudicados pola situación vivida foron:

- BLOQUE 4: ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS
- BLOQUE 6: OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Que a pesar do confinamento tentouse seguir traballando a través das actividades propostas a través de E-DIXGAL e polo contigo engadido na páxina web do centro xa que non se dispoñía de aula virtual activa.

A Educación Física de Calidade é un dereito fundamental que reporta beneficios para as persoas, as familias, as comunidades e a sociedade en xeral; desempeña un papel importante no desenvolvemento dos coñecementos básicos sobre a actividade física, o benestar e as capacidades físicas; mellora a saúde mental e as capacidades psicolóxicas; acrecenta as capacidades sociais; contribúe á prevención e á rehabilitación dos que corren o risco de caer en adiccións, delincuencia, explotación ou pobreza; e pode reportar importantes beneficios nos planos da saúde, social e económico (Unesco, 2015).

En definitiva, a EF é fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado. Por iso, debemos garantir que se imparta de forma segura e responsable, para o persoal docente e o alumnado, asegurando así que adquiran as competencias básicas e lles achegue as habilidades e oportunidades de promoción da saúde e benestar, tan importantes durante estes tempos incertos e difíciles. Isto tamén lles axudará a ter ferramentas e desenvolver resiliencia no futuro.

| A PROGRAMACIÓN   | METODOLOXÍA-DISTANCIAS  | ESPAZOS-TEMPOS   | MATERIAIS  |
|--|---|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Adaptoa tendo en conta os contidos competenciais e claves e selecciono aqueles imprescindibles que sexan adecuados para traballar nestas condicións (tempo de clase presencial, medios, espazos dispoñibles, etc.).</li> <li>Considero as aprendizaxes imprescindibles que non puideron alcanzarse no curso anterior debido á falta de presencialidade, para recuperalos e permitir ao alumnado o logro dos obxectivos previstos.</li> <li>Os contidos segundo aqueles factores que poidan diminuír o risco de contaxio: espazos ao aire libre e actividades sen material.</li> <li></li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Priorizo actividades sen contacto físico e nas que se poida manter o distanciamento social de, polo menos, 1,5 metros.</li> <li>Evito as actividades nas que non se poida respectar o distanciamento e que pola súa natureza (por exemplo, altas intensidades) non é posible ou recomendable o uso de máscara <b>(máis información: Pifarré et al,2020; Motoyama et al,2016; ParodieMagallanes,2019)</b></li> <li>Adapto as regras dos xogos e deportes colectivos de tal maneira que controlen mellor o achegamento físico entre participantes</li> <li>As actividades con implementos persoais poden ser unha estratexia para manter as distancias de seguridade (sticks, pas, raquetas, etc.).</li> <li>Lembro, a maior intensidade e/ou velocidade de desprazamento, as distancias deben ser maiores. Segundo algúns/algunhas</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Diferenzo e priorizo o uso de espazos ao aire libre (patios, zonas verdes, instalacións públicas e parques próximos) fronte aos pechados.</li> <li>Disposición do alumnado de xeito xeométrico no centro da pista,ou lineal nas gradas ou bandas da pista.</li> <li>Adapto <b>as sesións</b> aos tempos necesario: <ul style="list-style-type: none"> <li>Baixada á pista en orden e con distancias.</li> <li>Hixiene previa e durante, con xel hidroalcolico.</li> <li>Tempos de descanso e de recuperación de respiración polo efecto da mascarilla.</li> <li>Lavada de mans, con auga e xabón, individual como medida hixiénica e de saúde.</li> </ul> </li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Evito actividades nas que haxa que tocar superficies.</li> <li>Anticipo o uso de material tendo en conta os tempos e procesos de preparación, separación e desinfección.</li> <li>Priorizo o uso de material que sexa máis sinxelo desinfectar.</li> <li>Evito compartir material. Se é necesario, enumero e asigno a cada estudante o seu propio con números, letras ou cores, rexistrándoo por se fose necesario o seguimento fronte a un contaxio.</li> </ul> <p>Teño en conta nos orzamentos do departamento de EF a adquisición do material necesario para atender a necesidade de uso individual nas clases.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Fago que o alumnado cre os seus propios materiais de EF.</li> <li>Adapto os xogos e deportes colectivos eliminando os implementos compartidos ou mediante a utilización de materiais que reduzan o contacto.</li> </ul> |

|  |   |  |  |
|--|---|--|--|
|  | investigadores/as, sen barreiras de protección, camiñando rápido (4 km/h) debería manterse unha distancia de 5 metros, correndo rápido (14,4 km/h) 10 |  |  |
|--|---|--|--|

#### ASPECTOS A TER EN CONTA

- Dúas sesións seguidas no mesmo día, agás a clase de 3º
- Horario de 10:20 a 12h
- Espazo de traballo:
  - Pista deportiva
  - Patio cuberto cheo de columnas e con pouca superficie libre.
  - Solicítase a Comunidade de Montes e ao Concello ( a través do ED) poder empregar o pavillón que está enfrente do centro escolar, en caso de chuvia.
  - Espazos abertos fora do centro educativo
- Necesidade de buscar tempo para preparar o material (desinfectar, seleccionar...) fóra do horario lectivo xa que non dispoño nin ANTES nin DESPOIS dalgunha sesión sen clase , xa que imparto 11 horas na miña titoría de 5º. Situación que me disgusta bastante polas dificultades que esto presenta.

## Repercusión por contidos

Se miramos aos bloques de contidos de EF, podemos intuír algunhas adaptacións que se terán que realizar para asegurar o distanciamento. A continuación vou expoñer a miña perspectiva:

**Habilidades motrices:** Recrearía situacións onde se evite interaccionar con material que posteriormente teña que tocar outro alumno. Se se goza do material suficiente, sempre se lle pode dar individualmente aos alumnos (aros, corda, zancos...). Os retos con globos (que posteriormente se refugan) tamén supoñerían unha boa alternativa para golpes e recepcións.

Para as actividades sen material, poderíase distribuír aos alumnos ao longo dunha liña lateral da pista e realizar de forma simultánea desprazamentos, saltos ou xiros. Ditas habilidades, poderán converterse en retos, incrementando o nivel de dificultade: Quen é capaz de chegar de liña a liña en menos saltos? · Podedes chegar á liña contraria utilizando dous desprazamentos e dous saltos distintos? · Quen realiza a traxectoria máis orixinal utilizando...

**Expresión corporal** Evitaría modalidades como o acrosport, coreografías grupais, bailes por parellas, etc. Pasando todo a ser realizado de forma individual. Nese contexto, os alumnos máis maiores, poderían actuar de monitores de bailes/ ioga/ fitness dos seus compañeiros desde un escenario ou zona con máis visibilidade, estando o resto distribuídos con suficiente amplitude. Outros contidos dirixidos polo docente, poderían ser mindfulness e relaxación. Unha modalidade nova, podería ser as coreografías grupais con distancia de seguridade realizando accións de mímica onde baixo unhas premisas interactúen a certa distancia.

**Saúde e condición física** A parte conceptual destes contidos cobrará especial relevancia. A hixiene corporal debería verificarse a diario, de forma individual, Ao levar máscara, dar instrucións diarias sobre precaucións para o seu uso. Outros contidos como hixiene postural e forza, son susceptibles de ser traballados de forma individual Os alumnos, a medida que vaian interiorizando os exercicios, poderían deseñar “workouts” para intercambiar ou monitorar aos seus compañeiros.

**A resistencia cardiovascular,** que sempre se tenta traballar mediante xogos, pasaría agora a realizarse desde un punto de vista máis analítico. É agora cando os docentes deberíamos aproveitar a ocasión para concienciar na realización de correr para a saúde, transformándoo nun contido que por si só sexa relevante para o alumno

**A nutrición saudable,** pasaría agora a ocupar un papel principal na área, onde se ampliarían os seus contidos, realizando todo tipo de tarefas individuais (dieta, elabora teu prato, comidas do día, distinción saudable/non saudable, compra virtual en supermercado, receitas saudables, etc). No contexto da aula, e coas tablets poderíamos realizar actividades cooperativas facendo uso de apps, incluso vinculando traballo previo feito en casa con axuda das familias (cociña).

**Deportes** Este bloque é sen dúbida, o que máis afectado pódese ver pola situación actual. Tan só desenvolvería deportes individuais. Por exemplo, b



ádminton ou pas, sen cambiar de parellas na sesión e advertindo que contactan coa pelota coas mans. Algunhas modalidades de o atletismo tamén se poderían levar á práctica, sempre @teniendo en cuenta que non impliquen intercambio de material (salto de lonxitude, salto de valos ou carreiras). Tamén se poderían realizar situacións modificadas de deportes, que impliquen lanzar ou golpear sen oposición. Nestes casos os móbiles sempre serían individuais, e vixiaríase con especial atención que os alumnos se de infecten as mans previo e posterior á sesión. Así mesmo, algúns xogos alternativos con material autoconstruído, tal como son malabares, cazabolas...son moi interesantes para desenvolver nesta época. Por último, os xogos de orientación e pista de rastrexo, desenvoltos de forma individual, terían cabida se se vixía que non contacten coas balizas ou pistas escondidas.

Como conclusión mencionar que non hai razón para o desánimo, xa que como se viu, pódense xerar tarefas motivantes para o alumnado que propicien resolución de problemas ou retos (a pesar de ser individuais). Ditas actividades, intercaladas con outras máis tradicionais, levarannos a superar esta situación temporal con éxito, quedando á espera da Educación Física cooperativa que todos desexamos

| <b>ACTIVIDADES PRIORITARIAS</b>  |  |  |
|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades individuais de CONDICIÓN FÍSICA (tonificación, flexibilidade, resistencia, ioga, Pilates, zumba,técnicas de relaxación...)</li> </ul> | Actividades de RITMO E EXPRESIÓN CORPORAL ( técnicas de danza, creación de coreografías,mimo...) | Xogos e deportes individuais ( malabares, bádminton, tenis de mesa,esgrima...) |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades físicas no medio natural</li> </ul>   | Actividades sobre NUTRICIÓN, hixiene postural, primeiros auxilios                                |  |

Existen polo tanto infinidade de contidos que se poden impartir, sen que se limite a riqueza da nosa área e poder así contribuir de maneira efectiva a inculcar os hábitos saudables tanto fisicamente como mentalmente ao nosos alumnado

**METODOLOXÍA:**

Ante a situación **COVID 19** as horas de Educación física o ED agrupa no mesmo día as dúas sesións agás o curso de 3º de primaria. Ante esta nova situación a organización da clase vese totalmente modificada.

- No que respecta a a EF, o complexo contexto que rodea a esta materia e que difire do resto (espazos, actividades, movemento, interacción, materiais e equipamentos) fai necesario que se **xeren procesos e procedementos específicos que aseguren o benestar do alumnado** e do persoal docente, minimizando os riscos. Por iso, tendo en conta a dificultade engadida de todo o que implica unha clase de EF con respecto ás medidas de prevención, hixiene e desinfección a metodoloxía intentará adaptarse a situación COVID19 primando o coidado a saúde, hixiene...pero reinventando as sesións para coidar o **BENESTAR EMOCIONAL DO ALUMNADO**
  - **O alumnado debe sentirse seguro**
  - **O alumnado debe sentirse tranquilo**
  - **O alumnado debe sentir a libre**
  - **O alumnado necesita sentirse como grupo cohesionado, sentirse querido e aceptado**
    - **Polo tanto debemos REVERTIR a situación covid na aula de EF en estado de ánimos positivos, i lusionantes, f elices...**

**Deseño da sesión:**

| ANIMACIÓN QUECEMENTO | PARTE PRINCIPAL 1 | VOLTA A CALMA1 | PARTE PRINCIPAL 2 | VOLTA A CALMA |
|----------------------|-------------------|----------------|-------------------|---------------|
|                      |                   |                |                   |               |
|                      |                   |                |                   |               |
|                      |                   |                |                   |               |

**POSIBLES ESCENARIOS.**

1. **Presencial:** Traballarse a programación de xeito habitual desenvolvendo progresivamente os contidos

2. **Semipresencial:** Tentarase acadar os contidos mínimos programados.

Empregarse os recursos tecnolóxicos .

- Plataforma EDIXGAL para 5º/6º
- Clases virtuais pola plataforma Falamos, ciscoWebex
- Emprego das aulas virtuais de 1º a 4º
- Emprego de abalarmóbil, grupo de difusión...

3. **No presencial:** Tentarase acadar os contidos imprescindibles, pero basandome no citado ao principio desta programación:

- Moitos dos contidos da EF danse de forma globalizada , é dicir , traballando conxuntamente moitos dos bloques pero priorizando en momentos determinados aspectos que queremos acadar co alumnado.

| <ul style="list-style-type: none"> <li>• COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aulas virtuais de 1º a 4º</li> <li>• Aulas EDIXGAL 5º/6º</li> </ul> <p>Email    Teléfono    AbalarMóbil    Páxina wed do centro</p> <p>Video chamadas, Videoconferencias</p>                                  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• RECURSOS-MEDIOS</li> </ul>            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Material de propia creación en edixgal</li> <li>• Informáticos.</li> <li>• Audiovisuais.</li> <li>• Flipped Classroom para xirar a aula e achegar as explicacións ao alumnado previas ao traballo.</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• PROCESO</li> </ul>                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunicación ao grupo: Video explicativo planificación semanal</li> </ul>   |

- |  |  |
|--|--|
|  | <ul style="list-style-type: none"><li>• Prácticas dinámicas e participativas</li><li>• Virtualización dos materias educativos</li><li>• Aprendizaxe interactivo aberto</li><li>• Flexibilización do proceso E-A.</li></ul> |
|--|--|

## **0-Introducción**

A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

Na educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

A Educación física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

A proposta curricular de Educación física permitirá organizar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas ao longo do paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu nivel madurativo, a lóxica interna das diversas actividades e aqueles elementos que afectan de maneira transversal a todos os bloques como son as capacidades físicas e coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise do que acontece e a creación de estratexias para facilitar a transferencia de coñecementos a outras situacións.

O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

Para facilitar a concreción curricular de Educación física establécense trece criterios de avaliación que se concretizan nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Estes permitirán definir os resultados da aprendizaxe, e concretarán mediante accións o que alumnado debe saber e saber facer na área de Educación física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, unha vez finalizada esta, deberán estar todos acadados e consolidados.

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

Bloque 1. Contidos comúns.

Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.

Bloque 3. Habilidades motrices.

Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.

Bloque 5. Actividade física e saúde.

Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta agrupación non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da área, construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, pola contra, permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos, adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e á relación coa contorna, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Como consecuencia de todo o anterior, establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

- A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.
- A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.
- As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable. Implicando a participación do alumnado en actividades deportivas voluntarias.

- Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular con criterios consensuados unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

### 1-CONTEXTO:

A situación real que se menciona é de un CEIP da zona rural de Galicia, situada na localidade de Tomiño, no municipio de Barrantes.

Conta con tres aulas de educación infantil, unha para cada nivel e 3 titores En canto a primaria conta con 6 unidades , ademáis contamos con especialistas de música, inglés relixión, P.T e A.L

O horario do centro é de 9:30 a 14:30, contamos cos servizos de comedor a partir das 14:30 e transporte ás 16:00

#### Características do entorno

Zona rural de Galicia, situada na localidade de Tomiño, no municipio de Barrantes. Está ubicado nunha das zonas do rural de dito concello, a unha distancia duns 5 quilómetros do centro da localidade, que dista poucos quilómetros do país portugués. Recibe alumnado das parroquias de Pinzás e de Barrantes. Conta cunha poboación adicada principalmente ao sector primario (explotacións agrícolas de invernadoiros) e o da construción. Nos últimos cinco anos, no centro da vila, iniciouse un considerable desenvolvemento dos sectores urbanísticos e comercial e os servizos con que se conta na zona son moi diversos (culturais, deportivos, asociativos,...). O nivel socio-económico-cultural medio é o predominante. Lingüisticamente trátase dunha área na que principalmente emprégase o galego o que fai que sexa esta a lingua a vehicular da maioría do alumnado, inda que estase dando un retroceso do emprego do idioma galego

inda que no vocabulario espontáneo é o idioma que empregan na maioría dos casos. Posúe un alto nivel de recursos que van facer posible moitas actividades no contorno, e mesmo noutros concellos próximos. Enfrente temos un polideportivo no que se desenvolven moitas actividades do centro.

#### Características do centro

Trátase dun C.E.I.P de unha línea, que ten 3 unidades de educación infantil e 5 de primaria. Tal como indica o R.D 132/ 10 e a Orde do 22 de xullo a **organización do centro** é a seguinte: Órganos unipersonais (directora, xefa de estudos e secretaria) e Órganos colexiados (Claustro e Consello Escolar). Ademais conta cos seguintes **órganos de coordinación docente**: Comisión de Coordinación pedagóxica, Equipos de nivel (infantil/primaria), Equipo de normalización e dinamización lingüística, equipo de Biblioteca (PLAMBE), equipo de TICS e Equipo de Actividades complementarias e extraescolares e os titores. En canto ós **profesores especialistas** dicir que conta con: especialistas de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, música, relixión, Inglés, educación física e orientadora. Este centro por ter menos de 12 unidades, segundo o D.120/98 e a O.24/7/98 posee Departamento de Orientación compartido co CEIP de Goián.

Reúne condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade axeitadas. Conta con biblioteca, aula de audiovisuais, sala de informática e pizarras dixitais, un pequeno espazo cuberto para educación física e psicomotricidade, aseos e servicios hixiénicos- sanitarios, e un despacho de dirección/secretaría/xeftura, e despacho de orientación e sala de profesores. Ademais hai dous patios un para educación primaria e outro para infantil.

Cumpren os requisitos establecidos no RD 132/10 . Ten servizo de **transporte escolar**, regulado polo RD.443/2001 e **comedor escolar** regulado polo D.10/2007 e a O.21/2/2007 e decreto 132/2013. O centro posúe **biblioteca escolar**, polo que se axusta ó establecido na LOE e na Lei 17/2006 do 20 de decembro do libro e da lectura de Galicia. Temos unha **ANPA** que oferta as actividades extraescolares e colabora e participa no bo funcionamento do centro e prestan o seu apoio en algunhas actividades e tarefas. Na actualidade as actividades ofertadas pola ANPA son dende o meu punto de vista escasas e contase coas actividades ofertadas pola diputación de Pontevedra e o concello.

O **nivel socioeconómico e cultural das familias** é medio teñen expectativas suficientes na educación dos seus fillas/os e colaboran amplamente tanto nas actividades escolares da aula ( saídas, festas, ...) como no centro ( a través do Consello escolar, ANPA ). Os nenos/as son galego falantes e polo tanto terei en conta o establecido no D.79/2010, e respetaei o emprego do idioma decidido no PE do centro, sendo as clases de EF en galego.

#### Alumnado.

O número de alumnos/as é da seguinte maneira: **Contextualizada legalmente**, segundo a lexislación vixente establecida na LOE (Lei 2/ 06 de 3 de maio da educación), o **D.330/2009** do 4 de xuño que establece o currículo para a educación infantil, e o **D. 130/2007**, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (*1º nivel de concreción curricular*), e teremos en conta *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, adaptándome tamén a **P.X.A** que garantirá o desenvolvemento coordinado da acción educativa, recollendo os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os proxectos, currículo, normas, plans de actuación aprobados.

Vai adaptarse ao **P.E** (2º nivel de concreción curricular) que incorpora as concrecións dos currículos, o tratamento da educación en valores; recollerá a atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, tendo en conta as características do contorno social e cultural do centro. A partir da programación de nivel, concreto a miña **P.A** (3º nivel de concreción curricular) e selecciono e concreto os:

- ❖ **obxectivos didácticos** (progresivos e acumulativos) que vou traballar na aula.
- ❖ os **contidos**, o desenvolvemento dos outros proxectos e plans de innovación que plantea a CEOU como o Plan Lector, Plan de Convivencia, Plan TICS, e o Plan de mellora das Bibliotecas Escolares, POE, e PAT. O centro tamén participa noutros plans e programas como son o proxecto Turonia, Xogade. Todos están recogidos no Proxecto Educativo.
- ❖ **actividades**
- ❖ e establezo os criterios de **avaliación** da miña práctica educativa en relación ós obxectivos propostos.

O número por niveis son:

- 1º primaria 10 alumnos/as e 2º de primaria 10 alumnos/as
- 3º de primaria 10 alumnos/as e 4º de primaria 15 alumnos/as
- 5º de primaria 11 alumnos/as e 6º de primaria 8 alumnos/as

## 2-METODOLOXÍA:

A metodoloxía contesta á pregunta “como ensinar?”

A metodoloxía empregada é flexible, activa, participativa, integradora e global, baseada no proceso por enriba do resultado, é un elemento do currículo de carácter non prescriptivo. A metodoloxía empregada incorpora aportacións de autores de gran importancia no ámbito educativo nos últimos anos como son:

-PIAGET. Proponemos actividades que supoñan un desequilibrio para o alumno/a de maneira que este realice un proceso de axuste que o leve novamente ó reequilibrio, construíndo a súa propia aprendizaxe.

-AUSUBEL. As súas aportacións fundamentais son a importancia dos coñecementos previos, a avaliación inicial e a aprendizaxe significativo. Así nas sesións plantexáranse actividades que possibiliten entre o que xa coñecen e as novas aprendizaxes.

-VYGOTSKY. Representante do constructivismo. Seguindo os seus estudos situámonos por diante do nivel de desenvolvemento próximo (o que o neno/a fai) intervindo na zona de desenvolvemento potencial (o que pode chegar a facer con axuda).

-ESTILOS DE ENSEÑANZA EMPREGADOS

Seguindo a M. Mosston os estilos de ensinanza que se empregarán son os seguintes:

-MANDO DIRECTO. O docente leva o mando da sesión, debendo os nenos/as responder ós estímulos ou esixencias que se propoñen. O seu esquema é o seguinte:



### - EXPLICACIÓN- DEMOSTRACIÓN - EXECUCIÓN - AVALIACIÓN

Caracterízase pola disciplina e as respostas ó unísono. Sendo o docente o que establece os obxectivos, a orde, a cantidade de execución-actividade, .... e observa as accións do alumnado. Permite un gran control da clase.

-ASIGNACIÓN DE TAREFAS. O esquema da clase é o mesmo que no mando directo, pero neste estilo é o alumno/a o que escolle o intre de comezo da tarefa, o ritmo, o número de repeticións... Respétase, por tanto, o principio de individualización, axustándose ás diferenzas de cada un. Sendo un estilo moi motivador para os alumnos/as.

-ENSINANZA RECÍPROCA. O alumno/a pasa a ser mestre, é observador e corrector. Pódese realizar en pequeno ou en gran grupo. Aínda que segue a ser o docente o que propón as tarefas a realizar e o patrón organizativo da clase.

-DESCUBRIMENTO GUIADO. Proponse unha tarefa para que o alumno/a descubra. O profesor guía a consecución dos obxectivos, mediante preguntas que levarán ós alumnos/as a unha solución concreta, pero nunca da a solución. O esquema sería:

Disonancia cognitiva - Investigación - Descubrimento

-RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS. Sigue o mesmo esquema do estilo anterior, pero a diferenza fundamental é que non se encamiña a unha solución determinada, senon que existen varias e é válida calquera ca que o alumno/a de resposta ó problema plantexado. É un estilo moi motivante e facilita a adquisición de aprendizaxes significativas.

### **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS.**

Algúns principios metodolóxicos básicos a ter en conta na nosa programación son os seguintes:

1. Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno/a, teremos en conta as súas características e necesidades e o estadio evolutivo no que se atopa.
2. Intensa actividade por parte do alumno/a, que é necesaria para que o alumno/a sexa quen de acadar aprendizaxes significativas. Todo alumno debe estar activo (cognitiva y motrizmente). Evitaranse tempos de espera innecesarios.
3. Traballo individual e en distintas agrupacións. As agrupacións serán heteroxéneas, evitando todo tipo de discriminación. As actividades serán mixtas favorecendo a igualdade entre sexos, o compañerismo e a cooperación. Será unha metodoloxía integradora.
4. Darase un clima afectivo, de libertade, seguridade e confianza. Que o alumno/a se sinta a gusto. Debe haber unha boa relación profesor-alumno/a e

alumno-a/alumno-a.

5. As aprendizaxes serán funcionais e realistas, esto é, será posible empregalos na vida diaria, que os alumnos/as lles vexan utilidade.
6. Aprendizaxe significativa. Partiremos dos coñecementos previos e relacionaremos cos novos, este tipo de aprendizaxes son máis resistentes ó olvido.
7. Metodoloxía creativa. A creatividade nestas idades é moi importante, polo que tentaremos estimulala, fuxindo de modelos estereotipados.
8. O xogo. É un recurso metodolóxico moi indicado para acadar os obxectivos en Educación Primaria. Ten un valor educativo indiscutible, pois serve ó desenvolvemento motriz, social, cognoscitivo, afectivo e moral do neno/a

### PRINCIPIOS BÁSICOS A TER EN CONTA EN TÓDAS AS SESIÓNS

- Proporei actividades variadas para atender ás características e necesidades do alumnado.
- Partirei dos intereses do alumnado destas idades para acadar unha aprendizaxe significativa.
- Evitarei actividades de eliminación, xa que como dixen anteriormente a ensinanza será activa e participativa.
- Predominarán as actividades en forma de xogo, por ser un recurso estupendo para acadar os obxectivos de nivel e da etapa de primaria en xeral.
- Nas actividades iremos do fácil ó difícil, do sinxelo ó máis complexo paulatinamente.
- Potenciarei a autonomía do alumnado, a súa capacidade de decisión individual e grupal.
- Fomentarei a competitividade en positivo, é dicir; compito conmigo mesmo para acadar unha progresión que me faga sentir realizado e realizada.

### 3- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A nosa área contribúe especialmente ao desenvolvemento da **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**, mediante a percepción e a interacción do propio corpo, ben en movemento ou repouso nun espazo determinado mellorando as súas posibilidades motrices.

Outra aportación é mediante o coñecemento, a práctica e a valoración da actividade física como elemento importante para a saúde. A nosa área é clave para que os nenos e nenas adquiren hábitos saudables e de mellora e mantemento da condición física que lles acompañen durante a escolaridade e, o que é máis

importante, ao longo da súa vida. Na sociedade actual faise imprescindible a práctica da actividade física, sobor de todo a súa valoración como medio de equilibrio psicofísico, como factor de prevención de riscos derivados do sedentarismo e, tamén, como alternativa de ocupación do tempo de ocio.

A Educación Física tamén axuda ao desenvolvemento do sentido da orientación e o uso de diferentes recursos para orientarse, así como a apreciación da natureza e percepción do seu valor como fonte de información. Asimesmo, colaborarase nos proxectos que dende o centro se ofrecen dende a biblioteca, normalización e as actividades PDI biblioteca.

Asimesmo a nosa área contribúe de xeito importante ao desenvolvemento da **competencia social e cidadana**. As características da Educación Física, sobor de todo as relativas ao entorno no que se desenvolve e á dinámica das clases, fana propicia para a educación de habilidades sociais, cando a intervención educativa incide neste aspecto. As actividades físicas e en especial as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación e a solidariedade.

A E. Física axuda a aprender a convivir, especialmente no que se refire á elaboración e aceptación de regras para o funcionamento colectivo, dende o respecto á autonomía personal, a participación e a valoración da diversidade. O cumprimento das normas que rixen os xogos colabora na formación de códigos de conducta para a convivencia. As actividades físicas competitivas poden xerar conflitos nos que é necesaria a negociación, baseada no diálogo, como medio para a súa resolución.

As actividades dirixidas á adquisición das habilidades motrices requiren a capacidade de asumir as diferencias así como as posibilidades e limitacións propias e alleas

A Educación Física tamén contribúe, nalgunha medida, á adquisición da **competencia cultural e artística**. Á expresión de ideas e sentimentos de forma creativa contribúe mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento. Á apreciación e comprensión do feito cultural e á valoración da súa diversidade, faino mediante o recoñecemento e a apreciación das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos.

Noutro sentido a área favorece un achegamento ao fenómeno deportivo como espectáculo, mediante a análise e a reflexión crítica ante a violencia no deporte, doping, e outras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

A Educación Física axuda á consecución da **Autonomía e iniciativa personal** na medida en que emplaza ao alumnado a tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas que debe manifestar autosuperación, perseverancia e actitude positiva. Tamén o fai se se lle da protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual ou colectiva das actividades.

Por outra banda a nosa área colabora, dende edades temperás, á valoración crítica das mensaxes e estereotipos referidos ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. Dende esta perspectiva contribúese, en certa medida, á **competencia sobre o tratamento da información e a competencia dixital**. Asimesmo iránselle plantexando ao alumnado cuestións que deberán investigar pola súa conta e atopar a solución mediante o uso de sistemas de información e comunicación variados.

A Educación Física tamén contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística**, ofrecendo gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físicas, no uso das normas dos xogos, o vocabulario específico da área... Tamén se aproveitará a temática de biblioteca ,de e Normalización.Facilitarei espazos de lectura nos momentos de espera de finalización do aspecto hixiénico.

Dende a nosa área pódese contribuir ao desenvolvemento da **competencia matemática** mediante a realización de diversas medicións, numeración, asociación de números a accións, disposicións xeométricas, cálculos sinxelos, seguir traxectorias expresadas gráficamente, localizar obxectos no plano...

E por último, pero non por iso menos importante senon todo o contrario, estaría a contribución á **competencia de aprender a aprender** mediante o coñecemento de sí mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida do aprendizaxe motor, desenvolvendo un repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motrices máis complexas, o cal vai a permitir establecer metas alcanzables cuxa consecución xera autoconfianza. Chegando un momento en que o propio alumno/a elabora ou crea novas propostas de actividades. Ao mesmo tempo os proxectos comúns en actividades colectivas facilitan a adquisición de recursos de cooperación.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, participando en proxectos como xogade, Turonia...

#### **4-RECURSOS MATERIALES E UTILIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS**

Na clase de E. Física empréganse gran variedade de materiais. Estes deben posuir unha serie de características como son: calidade, economía, motivador, que se adapten á diversidade, que sexan novedosos e por riba de todo que sexan seguros.

Asimesmo o espazo que empregamos é diferente ó das outras áreas, é máis amplo polo que debemos revisalo para eliminar todo aquilo que poidera ser perigoso.

Os tempos deberán ser adaptados ás características dos nenos/as, así nos primeiros niveis os xogos e actividades, en xeral, non terán unha duración moi larga, serán variados e cambiarase de actividade cada pouco tempo. A organización é a que nos permitirá facer unha correcta relación actividade- pausa.

### **RECURSOS**

As instalacións coas que contamos son:

Un patio descuberto con pista de fútbol ; un patio pechado con columnas e espazo exterior de patio.

Os recursos do material os podemos diferenciar en tres bloques:Pequeno material-Alternativo-Fixo ou grande

Tamén adaptamonos as variables da actividade xenerando material adaptado ás necesidades do alumnado e da actividade proposta.

### **5-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Sempre se terá en conta a existencia de distintos niveles de dificultade nas actividades propostas para facer fronte á **atención á diversidade** do alumnado que temos na aula. Faranse asimesmo as pertinentes adaptacións de determinadas actividades en función das características dalgúns nenos/as que presenten dificultades para acceder á súa realización en condicións normais.

Referímonos neste apartado aos nenos e nenas os problemas das cales no desenvolvemento motor e dificultades na aprendizaxe, son significativamente maiores que no resto de compañeiros.

O factor fundamental a ter en conta, constitúeo a *detección* das deficiencias, problemas ou necesidades.

Hábitos difíciles de categorizar, comprenden dende a *actitude postural* á *destreza manipulativa*. Ambas as dúas, imprescindibles no proceso de *ensino-aprendizaxe*.

Os problemas de movemento e de coordinación maniféstanse polas dificultades do alumno ou alumna para comprender, organizar e controlar os seus movementos e adaptarse aos requirimentos do medio e do profesor.

O profesor debe estar atento ás dificultades que os seus alumnos e alumnas poden presentar ao correr, lanzar, saltar, equilibrarse, recibir móbiles, etc., para detectar se é:

- \*Un *déficit*, debido principalmente a unha falta de experiencias motoras.
- \*Unha *disfunción*, na que se manifesta un funcionamento pobre debido a un problema neuromuscular.
- \*Un *atraso*, no que evidencia unha clara inmadurez nas súas condutas motoras.
- \*Unha *dispraxia* ou desorganización dos seus movementos.
- \*Unha *desviación*, onde se destaca unha clara alteración dos seus rendementos motores en relación aos seus compañeiros.

Estas circunstancias obrigan a seleccionar un instrumento avaliativo do status do neno ou nena que permita atallar as súas dificultades mediante a adopción dun programa de actividades motoras axeitado, ou a adaptación do programa regular, ás súas necesidades.

A determinación da acción docente e o deseño e desenvolvemento das actividades máis axeitadas, permitirá que, progresivamente, vivan o éxito, melloren o seu autoconceito, eliminen as dificultades nas súas relacións sociais, eleven a súa aptitude física e aumenten as súas aprendizaxes motoras e deportivos.

### **Conclusiones**

- Por termo xeral, os problemas de movemento na escola maniféstanse por unha pobreza nas súas condutas motoras.
- As causas poden ser moi diversas.
- Os nenos e nenas torpes posúen un repertorio de habilidades básicas máis reducido que os que non o son.
- O dominio e control destas habilidades básicas, facilitará o proceso de integración nas clases regulares.
- Cando se detecte un neno ou nena con dificultades, debe ser posto en coñecemento dos pais e responsables do centro.
- É necesario recordar que, ao analizar e seleccionar axeitadamente as tarefas que deben ser realizadas por estes nenos, debemos ter presente que eles son conscientes das súas propias capacidades.

~ No centro existen alumnos/as con problemas NEE.

1. Destacar unha alumna que ten escolarización combinada e amosa un retraso madurativo que comporta certas dificultades motrices e de comprensión. Valorarase a posibilidade de facer un ACS inda que os seus `progresos con reforzo van sendo moi positivos.
2. Alumnado diagnosticado con TDH e con TEA
3. Alumnado con problemas respiratorios(asma ou pequenas alerxias)

#### PROGRAMA DE REFORZO.

No caso de haber algún neno/a que teña suspensa a asignatura de cursos anteriores, faráselle unha avaliación inicial igual que ó resto do alumnado para ver as súas posibilidades motrices de partida e unha adaptación das actividades das U.D. á súa capacidade, tratando de incidir naquelas que máis lle custan estando cerca e axudándoo se é preciso.

Terase en conta sempre o compoñente lúdico e motivacional que debe acompañar á nosa área, pois senon podería chegarse a que o alumno/a rechace a actividade física fóra da aula.

Neste curso a necesidade de facer algún tipo de programa de reforzo diferenciador, tan só se basará en prestar atención ao desenvolvemento normal do alumnado con certas diversidades, e terase en conta no alumnado TDH ou TEA a motivación como elemento principal para un desenvolvemento axeitado na asignatura.

**ESQUEMA CLASE** atención a diversidade. Este esquema parte do esquema básico da clase de EF.

| ANIMACIÓN<br>QUECEMENTO  | PARTE PRINCIPAL  | VOLTA A CALMA  |
|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Explicación minuciosa con verbalización de forma conxunta do plantexamneto da clase. (neste momento estamos facendo pequenos estiramientos)</li> <li><input type="checkbox"/> Motivación e estimulación positiva.</li> <li><input type="checkbox"/> Momentos de pausa ou "liberación" enerxía se fora preciso.</li> <li><input type="checkbox"/> Normalmente este momento aplícase de xeito lúdico polo que teño que axudar a</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Realización das actividades concretas.</li> <li><input type="checkbox"/> Momentos de "evasión" solicitando axuda para recoller material, ir a buscar noutro espacio material, etc</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Verbalizar sensacións, momentos de cansancio... relaxación, aseo.</li> </ul> |

|  |  |  |
|--|--|--|
| participar da actividade de xogo conxunto, colectivo, de relación... |  |  |
|--|--|--|

## 6-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Dende a área de Educación Física apoiaremos con motivación e interés na participación das actividades complementarias e extraescolares que dende o Centro se realicen, ben a través da titoría, niveis ou dende proxectos de centro e actividades de centro.

Dende a área de educación física participaremos nas seguintes actividades;

- Deporte na escola: Xogade incluído no programa PROXECTA-**pendente COVID 19**
- Deporte escolar: badminton, volei, tenis de mesa, duatlon, triatlon, campo a través, loita, atletismo **pendente COVID 19**
- Organización do Turonia e charlas de actitude postural, deportes... **pendente COVID 19**

## 7-TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA.

Na E. Física danse situacións comunicativas que o neno/a debe saber interpretar. Dentro das distintas sesións das U.D. plantéxanse unha serie de actividades que están en consonancia e apoian ó proxecto lector do centro como son:

-Xogos de asociación de números, cores, palabras.. a accións motrices.

-Xogos de esquema corporal, crear letras ou palabras co corpo individualmente e en grupo.

-Nas festas de outono farase a Carreira de S.Martiño, xogos con castañas...

-No entroido xogase coas carautas típicas dos Entroidos de Galicia, e as costumes de xoves de comadres, compadres...

-Polas Letras Galegas faise unha “pilla” que ten como protagonista ó autor/a homenaxeado e o lugar onde naceu así como algunha obra súa, nunha relación interdisciplinar ca área de lingua.

-Traballo de orientación na que se dan unha serie de pistas escritas que deben ser interpretadas polos xogadores para acadar o obxectivo.



-Na espera de rematar a ducha os alumnos/as dispoñen de libros de lectura deportiva e curiosidades para ler mentras rematan os compañeiros.

-O calendario: na entrada os vestiarios está colocado o calendario que ven no xornal “La voz de Galicia”, e que cada día le un neno/a distinto.

### **8-TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC.**

Nas sesións de E.Física plantéxanse tamén algunhas actividades que esixen do alumnado a búsqueda de información sobre temas concretos(cancións,xogos populares...) ou de actualidade para o que deberán investigar, ben en enciclopedias, xornais, internet.. para acadar a resposta.

Estas actividades plantéxanse nas sesións pero deberán buscar as respostas fóra delas, na biblioteca, na aula, na casa.. Son propostas que fago dende 3º a 6º sobre todo.

Tendo en conta a existencia da asociación deportiva Agrudebam e o traballo das tics desta asociación, empregaremos con frecuencia a información recollida na mesma sobre os distitos deportes e tamén os calendarios deportivos,as fotos das xornadas deportivas dos centros.etc..

### **9.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Os centros educativos son espazos onde se comparten vivencias xuntos, iso é a convivencia. Todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

O obxectivo final é a mellora da convivencia no Centro como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elabora o Centro é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

**Para o desenvolvemento do mesmo tivemos en conta a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, a normativa do centro e tódalas aportacións que se van facendo tanto do Departamento de orientación, equipo directivo e aportacións de profesorado, familia e alumnos**

Baseándose no devandito documento, e na "cultura" propia do Centro, entorno á Educación para a Paz e á aplicación dos principios de coeducación e interculturalidade elaborase este plan de convivencia.

Tamén cabe mencionar o vínculo estreito que o plan de convivencia do Centro ten co NOF do Centro, polo que imos deixar a modo de recordo os Principios xerais que rixen dito documento:

Toda actividade do noso Centro irá encamiñada á consecución dos seguintes fins:

- O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.
- A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, histórico-etnográficos, e estéticos.
- A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, rexeitando todo tipo de discriminación.
- A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural . O RRI establece o compromiso dos órganos de goberno do Centro na normalización e normativización da lingua galega, en consonancia coa lexislación vixente.
- A preparación para participar activamente na vida social e cultural.

**Neste apartado de mellora da convivencia, como mestra de EF, tentarei amosar ao alumnado diversidade de xogos e deportes para crear a motivación e o interese dentro da aula e poder traspasalo aos recreos para intentar crear recreos máis diversos e integradores.**

Tamén destacar que dende fai anos o alumnado é consciente da competitividade como unha ferramenta de crecemento interior xa que compite consigo mesmo en busca da súa propia melloría , non se compite para vencer as demais senon para vencerse a sí mesmo.

### **10.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ao PLAN de Igualdade**

A igualdade está inmersa na programación de EF e no día a día das clase dende xa fai moitos anos, pero atendendo ao plan de igualdade que a consellería ven a valorar e a reforzar mencionaremos certos aspectos aos que lle adicaremos unha mención especial:

- Destacaremos o deporte feminino ao longo da historia (primeiras carreiras do maratón)
- A evolución do deporte feminino como elemento de impulso nos logros da loita feminina.

- Visualizar as marcas,récords... da muller no deporte actual visualizando as redes sociais, prensa...
- Revalorizar e destacar a existencia de Agrudebam onde os deportes son inclusivos e non diferenciadores.

## 11.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende a especialidade de E. Física contribuímos á obtención dunha competencia axeitada en lingua galega para acadar unha igualdade efectiva en ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia, e continuaremos a pór en marcha todos os mecanismos que favorezan a súa adquisición e desenvolvemento competencial.

Aínda que nos últimos cursos académicos as linguas a utilizar nalgúns áreas veñen xa ditadas pola administración, e que nas etapas nos que traballamos temos nenos có galego como lingua materna e nenos/as con castelán, tentamos que o uso que fagan os mesmos/as desta lingua sexa o máis normativizado posible, polo que os recursos que utilizaremos e o propio uso que faremos dende a docencia perseguirán este fin.

Iniciarei en colaboración coa Biblioteca o proxecto de enriquecemento de vocabulario deportivo, através de fichas de linguaxe específico deportivo:

## 12.-A EDUCACIÓN EN VALORES

Existen unha serie de temas que se manifestan de forma relevante na sociedade actual, e, como consecuencia, impregnan a vida e experiencias diarias do alumnado.

**Educación do consumidor:** O mestre de Educación Física debe desmitificar a carga consumista que leva a maioría de opcións de compra dos alumnos, dotando a estes duns instrumentos de análise e crítica que lles permitan adoptar unha actitude persoal fronte ás ofertas consumistas de material deportivo e ante o deporte como espectáculo.

**Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:** É preciso coidar a linguaxe, as actitudes e as representacións que poidan levar certa carga de discriminación sexista. Á hora de formar os grupos de traballo, o mestre debe fomentar a coeducación, promovendo que os grupos sexan sempre mixtos. A coeducación debe favorecer o coñecemento mutuo entre os sexos e debe servir de base cara ao respecto polas características de cada sexo.

**Educación para a paz:** A actividade lúdica e o xogo son un medio valioso e eficaz para realizar interrelacións e contactos físicos. Neles e a través deles os alumnos maduran na aceptación dos diferentes niveis de destrezas, en valorar a cooperación de todos os compoñentes para formar un equipo, en entender o binomio oposición / cooperación...

**Educación ambiental:** En xeral, todas as actividades que se desenvolven en espazos abertos posibilitan a reflexión crítica relativa ao ámbito, concienciando os alumnos para o seu coidado e asociando este coa educación para a saúde. Dende esta área pódense promover actividades de aprendizaxe que axuden a coñecer o ámbito e actitudes para a súa mellora. Especial coordinación co proxecto do centro VOZ NATURA e o Turonia

**Educación para a saúde:** O alumno e a alumna de Primaria van tomando conciencia, de forma progresiva, do seu corpo, das súas posibilidades e limitacións de movemento, e van comprendendo as relacións entre a saúde e a súa forma de utilizar o corpo, coas súas actitudes posturais, hábitos, actividade física... O alumno remata esta etapa adquirindo un sentido, ademais do lúdico, da utilidade e necesidade para unha vida máis san e de calidade. Especial énfasis na alimentación tendo en conta a existenci do comedor escolar.

**Educación vial:** A exploración do espazo que o alumno e a alumna deben ir realizando a través do movemento nesta etapa, implica adquirir e desenvolver hábitos encamiñados á creación do sentido vial de observación e psicomotórico, relacionados coa noción espacial e temporal. A área de Educación Física debe ir proporcionando aos alumnos un bo esquema corporal e esquemas motores que se vaian axustando a diferentes medios.

**Educación moral e cívica:** Por principio, a educación moral e cívica ten que estar presente en todo proxecto, programa e proceso que se prece de ser educativo. De aí que as actitudes de autoestima e de respecto, baseadas no coñecemento e aceptación das posibilidades e limitacións corporais e de movemento tanto propias como dos outros, as actitudes de aceptación das diferenzas, de solidariedade e cooperación deben estar presentes en todo proceso de ensino e aprendizaxe.

Tamén é importante salientar a transcendencia que ten o comportamento de calquera educador, sobre todo o da "súa mestra" ou "o seu mestre", na vida dun alumno de Primaria.

A área de Educación Física debe ofrecer e facilitar de forma específica experiencias para explorar e valorar tanto a propia realidade corporal, como as posibilidades e limitacións do seu movemento.

Unha educación lúdica, nesta área, permitirá tamén o desenvolvemento de actitudes como a aceptación de normas para aprender a relacionarse socialmente; o binomio oposición/cooperación como actitudes non contraditorias, senón complementarias, que esixen, tanto no xogo coma na vida, cooperar cando sexa necesario, entendendo a oposición como unha dificultade a superar e evitando comportamentos agresivos e actitudes de rivalidade

### **13.OBXECTIVOS PRIMARIA**

#### **13.1-Obxectivos da educación primaria.**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### 13.2 Contidos e relación coas competencias clave

#### 1º DE PRIMARIA

|  |          |
|--|----------|
| BLOQUE 1 : CONTIDOS COMÜNS EN EDUCACIÓN FÍSICA | Nivel:1º |
|--|----------|

| OBXECTIVOS  | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE |
|---|--|-------------------|
| a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática | B1.1. Aceptación da propia realidade corporal.<br>B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo.<br>B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. | CSC<br><br>CAA    |

|  |  |   |
|--|--|---|
| <p>c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.</p> <p>d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> <p>m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual</p> |  | <p>CSIEE</p> <p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> |
|--|--|---|

## BLOQUE 1 : CONTIDOS COMÜNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

Nivel: 1º

| OBXECTIVOS | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE |
|------------|--|-------------------|
|            | B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso | CD                |

|  |  |     |
|--|--|-----|
| i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren. | de aprendizaxe.<br><br>B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. | CAA |
|--|--|-----|

| OBXECTIVOS   | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE   |
|--|--|---------------------|
| a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática<br>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social<br>l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. | B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. | CSC<br>CAÀ<br>CSIEE |



| OBXECTIVOS  | CONTIDOS  | COMPETENCIA CLAVE                       |
|---|---|---|
| n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. | B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.<br><br>B1.8. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio. | CSIEE<br><br>CAA<br><br>CCEÇ<br><br>CSC |

## BLOQUE 2 :O CORPO IMAXE E PERCEPCIÓN

Nivel: 1º

| OBXECTIVOS   | CONTIDOS  | COMPETENCIA CLAVE |
|--|---|-------------------|
| k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social<br>m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. | B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.<br><br>B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal. | CSC<br><br>CAA    |

## BLOQUE 2 : IMAXE E PERCEPCIÓN

Nivel: 1º

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | COMPETENCIA CLAVE |
|------------|----------|-------------------|
|------------|----------|-------------------|

|  |  |                                    |
|--|--|------------------------------------|
| <p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> | <p>B2.3. Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento.</p> <p>B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes.</p> <p>B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración.</p> <p>B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables.</p> <p>B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).</p> <p>B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia</p> <p>B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.</p> | <p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> |
|--|--|------------------------------------|

BLOQUE 3 : HABILIDADES MOTRICES

Nivel: 1º

| OBXECTIVOS  | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE |
|---|--|-------------------|
| <p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal,</p> | <p>B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros,</p> | <p>CSC</p>        |

|  |   |                                     |
|--|---|-------------------------------------|
| <p>curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>J) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> | <p>saltos.</p> <p>B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.</p> <p>B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.</p> <p>B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade</p> <p>B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.</p> <p>B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais</p> | <p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> |
|--|---|-------------------------------------|

## BLOQUE 4 : ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICAS EXPRESIVAS

Nivel: 1º

| OBXECTIVOS   | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE                              |
|--|--|--|
| <p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos</p> <p>j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas</p> | <p>B4.1. Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas.</p> <p>B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas</p> | <p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> |

|  |   |  |
|--|---|--|
| <p>e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> <p>m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.</p> <p>o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.</p> | <p>representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo o ritmo.</p> <p>B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.</p> <p>B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal.</p> <p>B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.</p> |  |
|--|---|--|

BLOQUE 5 : ACTIVIDADE FISICA E SAÚDE

Nivel: 1º

| OBXECTIVOS  | CONTIDOS  | COMPETENCIA CLAVE                 |
|---|---|-----------------------------------|
| <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> | <p>B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.</p> <p>B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.</p> <p>B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde</p> <p>B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.</p> | <p>CSC</p> <p>CSIE</p> <p>CAA</p> |

|  |   |  |
|--|---|--|
|  | B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo. |  |
|--|---|--|

## BLOQUE 6 : OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Nivel: 1º

| OBXECTIVOS   | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE |
|--|--|-------------------|
| <p>a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.</p> <p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> | <p>B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.</p> <p>B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.</p> <p>B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas.</p> <p>B6.4. Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos.</p> |                   |

|   |  |  |
|---|--|--|
| <p>m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.</p> |  |  |
|---|--|--|

BLOQUE 6 : OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Nivel: 1º

| OBXECTIVOS   | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE                             |
|--|--|---|
| <p>d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos(no B.6.8)</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> <p>m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de</p> | <p>B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.</p> <p>B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia.</p> <p>B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.</p> <p>B6.8.Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.</p> | <p>CCEE</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> |

|   |  |  |
|---|--|--|
| <p>diversidade afectivo-sexual.</p> <p>o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.</p> <p>l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. (só B.6.8)</p> |  |  |
|---|--|--|

**2º DE PRIMARIA****BLOQUE 1 : CONTIDOS COMÜNS EN EDUCACIÓN FÍSICA**

Nivel:2º

| <b>OBXECTIVOS</b>   | <b>CONTIDOS</b>   | <b>COMPETENCIA CLAVE</b>                                 |
|---|---|--|
| <p>a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática</p> <p>c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.</p> <p>d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de</p> | <p>B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.</p> <p>B1.2. Respecto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo.</p> <p>B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.</p> | <p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> |

|  |  |              |
|--|--|--------------|
| <p>persoas con discapacidade nin por outros motivos<br/>                 k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social<br/>                 m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual</p> |  | <p>CSIEE</p> |
|--|--|--------------|

**BLOQUE 1 : CONTIDOS COMÜNS EN EDUCACIÓN FÍSICA**

Nivel:2º

| OBXECTIVOS  | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE   |
|---|--|---|
| <p>i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.</p> | <p>B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.<br/>                 B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe</p> | <p>CD<br/>                 CSC<br/>                 CAA<br/>                 CSIEE<br/>                 CCL</p> |

| OBXECTIVOS  | CONTIDOS  | COMPETENCIA CLAVE |
|---|---|-------------------|
| <p>a) Coñecer e apreciar os valores e as normas</p> | <p>B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas,</p> | <p>CSC</p>        |



|   |  |                               |
|---|--|-------------------------------|
| <p>de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> <p>l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.</p> <p>n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.</p> | <p>recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</p> <p>B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</p> <p>B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</p> <p>B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.</p> | <p>CAA<br/>CSIEE<br/>CCEC</p> |
|---|--|-------------------------------|

## BLOQUE 2 :O CORPO IMAXE E PERCEPCIÓN

Nivel:2º

| OBXECTIVOS  | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE  |
|---|--|--------------------|
| <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> <p>m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos</p> | <p>B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.</p> <p>B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.</p> | <p>CSC<br/>CAA</p> |

**42 CEIP BARRANTES- Begoña Martínez**

|   |             |  |
|---|-------------|--|
| estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. |             |  |
|   | sensacións. |  |

**BLOQUE 3 : HABILIDADES MOTRICES****Nivel:2º****OBXECTIVOS****CONTIDOS****COMPETENCIA CLAVE****42 EDUCACIÓN FÍSICA**

|   |   |  |
|---|---|--|
| <p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>J) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> | <p>B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos,suspensións,lanzamentos e recepcións.</p> <p>B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.</p> <p>B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.</p> <p>B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade</p> <p>B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.</p> <p>B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.</p> | <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> <p>CCEE</p> |
|---|---|--|

| <p>prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.</p> <p>o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.</p> | <p>B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.</p> |  |  |
|---|---|--|--|

## BLOQUE 5 : ACTIVIDADE FISICA E SAÚDE

Nivel:2º

| OBXECTIVOS  | CONTIDOS  | COMPETENCIA CLAVE                  |
|---|---|------------------------------------|
| <p>a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática</p> <p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> | <p>B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.</p> <p>B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.</p> <p>B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde</p> | <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CAA</p> |
| <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p>   | <p>B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.</p> <p>B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.</p>  | <p>CCA</p> <p>CSC</p>              |

|  |  |  |
|--|--|--|
|  |  |  |
|--|--|--|

## BLOQUE 6 : OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Nivel:2º

| OBXECTIVOS  | CONTIDOS   | COMPETENCIA CLAVE                              |
|---|--|--|
| <p>a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.</p> <p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social</p> <p>m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos</p> | <p>B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.</p> <p>B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.</p> <p>B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.</p> <p>B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.</p> | <p>CSIEE</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEE</p> |

|  |   |  |
|--|---|--|
